



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 7 de xullo de 2016
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 15.00 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza no recurso 258/2012 contra don José xxxxx**
- 3. Traballos de corta e retirada de castiñeiros situados en Ledesma, parcela número 184, polígono 511. Adxudicación.**
- 4. Reclamación de contía por danos ocasionados en poste e farol, no lugar de Espiñeira-Lamas**
- 5. Requirimento de corta de arboredo no lugar de Lamas-Boqueixón**
- 6. Asignación grupos políticos correspondentes ó pago do segundo e terceiro trimestre 2016**
- 7. Licenza de tenza de animal potencialmente perigoso**
- 8. Aprobación de facturas**
- 9. Comunicación de non prórroga dos contratos dos servizos de actividades deportivas e culturais de inglés**
- 10. Licenzas urbanísticas**
- 11. Altas en abastecemento**

12. Axuda emerxencia social
13. Renovación bonificación tarxeta de transporte metropolitano da área de Santiago de Compostela
14. Baixas SAF por libre concorrencia
15. Baixas no plan de axudas á persoas desfavorecidas (alimentos “Cruz Roja”)
16. Dar conta de altas/baixas no SAF
17. Aprobación do padrón do lixo
18. Inicio, por urxencia, da contratación da obra do AGADER
19. Inicio, por urxencia, da contratación da obra dos colectores de saneamento do SAUI, polígono industrial de Sergude
20. Inicio da contratación do subministro de material deportivo
21. Puntos de urxencia
22. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de xuño do 2016.

2. Execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza no recurso 258/2012 contra don José xxxxx

Antecedentes

Co data 16 de febreiro 2016, recíbese no concello a sentenza do 21/01/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a cal **FALLA** inadmitir a apelación por vostede presentada, procedendo a demolición da construción dunha estabulación desprovista de licenza e tal como se acordou na xunta de goberno celebrada o 21/03/2016.

Á vista da sentenza, a xunta de goberno celebrada o 17/03/2016 acordou levantar a suspensión e proceder coa demolición das obras de construción da citada estabulación. Dito acordo, foille notificado con data 29 de marzo de 2016.

Con data 5 de abril 2016, rexistro entrada nº 630, recíbese no concello un escrito de alegacións por vostede presentado, no cal entre outros motivos, **solicita** a legalización das obras realizadas, en base á entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como á aprobación definitiva do PXOM. Non obstante, o sr. xxxxx, xunto co escrito non achega o correspondente **proxecto de legalización** nin ten aboada a correspondente taxa para o inicio do expediente, nin o ten presentado a esta data.

Con data 22 de xuño 2016, rexistro entrada 1291, recíbese no concello un escrito presentado por dona Mercedes xxxxx, no cal solicita que, (á vista da sentenza do T.S.X.G) se ordene a execución subsidiaria da demolición ou, no seu caso, e execución forzosa mediante a imposición de multa coercitivas, reiterables mensualmente na contía de 3.000 € ou no importe que se acorde polo concello.

Consideracións xurídicas

A Lei da xurisdición contenciosa administrativa, no art. 103.2, establece que “as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que a propia sentenza estableza.” No apartado 4, do mesmo artigo establece que “serán nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios aos pronunciamentos das sentenzas, que se diten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.”

O artigo 104.2, da mesma lei, establece que “transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza ou o prazo fixado nesta para o cumprimento do fallo, calquera das partes pode instar a súa execución forzosa.”

O artigo 109, establece que a administración, as demais partes procesuais e **as persoas afectadas** polo **FALLO**, mentres non conste en autos a total execución da sentenza, poderán promover **INCIDENTE** para decidir, sen contrariar o contido do fallo, cantas cuestións se reflicten na execución.

Do escrito promovendo a cuestión incidental ó/a secretario/a xudicial, darase traslado ás partes para que aleguen o que estimen procedente, no prazo que non excederá de 20 días. Transcorrido este prazo, o/a xuíz ou Tribunal ditará **AUTO**, no prazo de 10 días, decidindo a cuestión plantexada.

Tendo en conta, que o Sr. xxxxx non ten acreditado a presentación do citado **INCIDENTE** nin presentado no concello a solicitude e proxecto de legalización.

Tendo en conta, así mesmo, o escrito de dona Mercedes xxxxx solicitando a execución subsidiaria, acórdase:

1. Proceder coa execución subsidiaria da demolición das obras consistentes na ampliación dunha estabulación existente no lugar de xxxxx – Vigo propiedade de don José xxxxx.
2. Comunicar este acordo ao sr. xxxxx e comunicarlle, así mesmo, que o concello iniciará os trámites para a demolición, sendo ao seu cargo os custos derivados da mesma.

3. Traballos de corta e retirada de castiñeiros situados en Ledesma, parcela número 184, polígono 511. Adxudicación.

Na parcela de titularidade municipal número 184, polígono 511, lugar de Souto de Vila – Ledesma, existen tres castiñeiros preto dunha vivenda, os cales ocasionan danos no tellado debido ás pólas excesivamente grandes que provocan rotura de tellas, atascos nos canlóns, problemas no cableado da luz, etc.

A parcela número 184 está clasificada como solo de núcleo rural na parte máis próxima á vivenda da parcela 172, e clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, no resto da parcela, sendo polo tanto competencia do concello autorizar a corta deste arborado.

Con data 30 de maio do 2016, a arquitecta municipal emite informe no cal se sinala que a valoración dos referidos castiñeiros ascende a 159,25 €, de acordo co seguinte desglose:

- Exemplar número 1: castiñeiro (castanea sativa), 80 cm de diámetro, 69,68 €
- Exemplar número 1: castiñeiro (castanea sativa), 60 cm de diámetro, 49,08 €
- Exemplar número 1: castiñeiro (castanea sativa), 80 cm de diámetro, 40,49 €

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 2 de xuño do 2016 acordouse solicitar ofertas para proceder coa corta e retirada de tres castiñeiros situados na parcela municipal número 184, polígono 511, lugar de Souto de Vila – Ledesma.

Presentan presupostos:

- Don Ramón xxxxx, CIF xxxxx, en concepto de “poda e corta de castiñeiros, no Souto de Vila. Corta e retirada de madeira con elevador tipo haulotte co fin de evitar danos secundarios”. Total presuposto (IVE engadido): 3.146,00 €.
- Don Jorge xxxxx, CIF xxxxx, en concepto de “corta de tres castiñeiros en Ponte Ledesma e limpeza de todo. Inclúese a madeira. O concello ten que baixar as liñas”. Total presuposto (IVE engadido): 726,00 €.

O artigo 138.3 da Lei de contratos do sector público establece que “os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte con habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 111” e que “considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 €, cando se trate de contratos de obras, ou 18.000 €, cando se trate de outros contratos”.

O artigo 111.1 da citada lei de contratos establece que na tramitación do expediente só se esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenrolo desta lei establezan e igualmente debido á urxencia de proceder á corta dos tres castiñeiros

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Adxudicar directamente a execución dos traballos de corta e retirada de tres castiñeiros situados na parcela municipal número 184, polígono 511, lugar de Souto de Vila – Ledesma ó empresario don Jorge xxxxx, por presentar a mellor proposta económica: corta de tres castiñeiros en Ponte Ledesma e limpeza de todo. Inclúese a madeira. O concello ten que baixar as liñas”. Total presuposto (IVE engadido): 726,00 €.

2. Comunicarlle que se procederá coa corta dos citados castiñeiros no mes de novembro, tendo en conta que actualmente os castiñeiros están cos brotes das castañas e se prevé que no mes de outubro e primeiro días de novembro se recollan os froitos.

3. Realizados os traballos de corta e retirada dos tres castiñeiros deberá presentar a correspondente factura polo importe citado: 726,00 € IVE engadido.

4. Comunicarlle que deberá adoptar as medidas de seguridade e saúde pertinentes encamiñadas a evitar danos ás persoas, bens ou vehículos que circulen polas pistas municipais así como deixar a parcela , vía pública, donde se efectúe a corta, en perfectas condicións, libres de restos da corta.

5. Dar traslado deste acordo os interesados.

4. Reclamación de contía por danos ocasionados en poste e farol, no lugar de xxxxx-Lamas

Con data 4 de xuño do 2016 o vehículo BMW, modelo 330CI COUPÉ, matrícula xxxxx, saíuse da estrada AC 261, impactando contra un poste de luminaria pública, destrozando o poste e o farol público.

Según datos facilitados pola empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, o vehículo figura asegurado na compañía de seguros ALLIANZ compañía de seguros y reaseguros SA e o propietario do vehículo e don Ramón xxxxx.

Consta no expediente reportaxe fotográfica da columna e farol destrozado e presuposto número 655, de data 14/06/2016, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición de columna e farol rotos na xxxxx – Lamas, o 4 de xuño do 2016.

Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de **1.918,44 €**.

Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

Téndose acreditado mediante a reportaxe fotográfica os danos ocasionados na columna e farol público, situados a carón estrada AC 261, polo vehículo BMW, modelo 330CI COUPÉ, matrícula xxxxx, propiedade de don Ramón xxxxx e téndose presuposto de reparación presuposto número 655, de data 14/06/2016, concepto “columna e farol destrozados en xxxxx - Lamas - o 04/06/2016, por importe total (IVE engadido) de 1.918,44 €, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a valoración do arranxo do columna e farol destrozados en Espiñeira-Lamas o 4 de xuño do 2016, por importe total de **1.918,44 €** IVE engadido.

2. Comunicar á ALLIANZ compañía de seguros y reaseguros SA e o propietario do vehículo BMW, modelo 330CI COUPÉ, matrícula xxxxx, don Ramón xxxxx, que ou ben o

propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo da columna e farol de alumeado público, destrozados en Espiñeira-Lamas, por importe total de **1.918,44 €**IVE engadido.

3. Darlle trámite de audiencia á ALLIANZ compañía de seguros y reaseguros SA e o propietario do vehículo BMW, modelo 330CI COUPÉ, matrícula xxxxx, don Ramón xxxxx, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

5. Requirimento de corta de arboredo no lugar de Lamas-Boqueixón

Antecedentes

Co obxecto de que o Concello de Boqueixón exercite as atribucións que lle competen, ao abeiro do disposto nos artigos 7, parágrafos d) e e), e 22.2 da Lei 3/2007, remítese pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural con data 22 de xuño do 2016 e número de entrada 16/1282, escrito acompañado de copia de acta de inspección de data 26 de maio do 2016, copia de denuncia relativa á presunta infracción do disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, presentada por dona Lucía xxxxx, na Xefatura Territorial o 18 de setembro do 2015, contra dona María xxxxx e certificado catastral da parcela número 500, polígono 503, do lugar de xxxxx - Boqueixón.

No citado escrito maniféstase que o axente forestal número 333, dependente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con data 26/05/2016 efectuou unha inspección na parcela número 500 polígono 503 de Lamas, con motivo da denuncia presentada por dona Lucía xxxxx e con obxecto de comprobar o cumprimento das disposicións vixentes sobre a lei de incendios.

Observou que existen *“eucaliptos de 3 anos a 15 metros do límite da propiedade e castaños de 3 anos a 5 metros. O solo é rústico de protección agropecuaria”*.

Sínálase no escrito que a propietaria denunciada faleceu e que a parcela está a nome dos herdeiros de dona María xxxxx.

Co obxecto de que o Concello de Boqueixón exercite as atribucións que lle competen, ao abeiro do disposto nos artigos 7, parágrafos d) e e), e 22.2 da Lei 3/2007, remítese pola citada Consellería a denuncia (Lei 3/2007, do 9 de abril- artigo 21).

Con data 28 de xuño de 2016 compróbase que no lugar de xxxxx - Lamas, existe unha leira dedicada a monte, con eucaliptos e castiñeiros.

Están preto dunha vivenda e edificacións anexas. (Cuxa propietaria: dona Lucía xxxxx presentou denuncia). Desde o paramento vertical de edificación ata os eucaliptos existe unha distancia de 15 metros e ata os castiñeiros 5 metros. Non se cumpre coa normativa de distancias esixidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, que sinala nos primeiros 30 metros non poderá haber eucaliptos, piñeiros”...e que nos 15 primeiros metros non poderá haber castiñeiros, carballos, ameneiros....”.

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Requerir a herdeiros de dona María xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de coa corta do arboredo (eucaliptos e castiñeiros) na parcela número 500, polígono 503, ata gardar unha distancia de 30 metros respecto das edificacións de dona Lucía xxxxx (no caso dos eucaliptos) e ata gardar unha distancia de 15 metros respecto das edificacións de dona Lucía xxxxx (no caso dos castiñeiros).

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ós citados herdeiros para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

6. Asignación grupos políticos correspondentes ó pago do segundo e terceiro trimestre 2016

O pleno da corporación en sesión que tivo lugar o 11 de novembro do 2015 acordou asignar ós grupos políticos municipais os seguintes importes para gastos de funcionamento do grupo:

Grupo político	Dotación fixa	Dotación variable
Partido Popular	200 €/ano	2.255 €/ano
Veciñ@s	200 €/ano	845 €/ano

Estas contías pódense transferir anualmente ou ben proporcionalmente cada trimestre e terán que ser xustificadas polo grupo político, unha vez recibidas, no mes seguinte á finalización da cada trimestre ou ben no mes de xaneiro do ano seguinte (2017 neste caso) según a data de percepción da contía.

Polo que, e sempre tendo en consideración o que cada grupo decida, sobre o período de percepción dos fondos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Ingresar ó grupo municipal do PP o importe de 1.227,50 € correspondentes ó segundo e terceiro trimestre do 2016.
2. Ingresar ó grupo municipal Veciñ@s o importe de 522,50 € correspondentes ó segundo e terceiro trimestre do 2016.
3. Comunicar a ambos grupos políticos que deberán presentar a correspondente conta xustificativa dos gastos realizados, con cargo ós importes recibidos.

7. Licenza de tenza de animal potencialmente perigoso

O 15 de xuño do 2016 co número de entrada 16/1206 don Francisco xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun can mestizo de pitbull e american stanford, con data de nacemento 27/02/2016, macho, cor negro, con signos particulares “mancha branca no peito e na punta dos dedos”, código de identificación 941000018503214 no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía.

Acompáñase a seguinte documentación:

- Certificado psicotécnico efectuado a don Francisco xxxxx, de data 10 de xuño do 2016, que a capacita como apta para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Francisco xxxxx os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos .
- Copia do seguro de responsabilidade civil, número de póliza T-6.153.180-A, condicións particulares no cal se sinala cobertura para o can con código de identificación código de identificación 941000018503214, propiedade de don Francisco xxxxx.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can e certificado veterinario oficial de data 14-06-2016.
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que don Francisco xxxxx, co DNI xxxxx, non foi sancionada por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.
- Copia do DNI de don Francisco xxxxx.
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a don Francisco xxxxx, como propietario do animal que se identifica como especie e raza canina mestizo de pitbull e american stanford, con data de nacemento 27/02/2016, macho, cor negro, con signos particulares “mancha branca no peito e na punta dos dedos”, código de identificación 941000018503214 no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía.

2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.

3. Notificar este acordo ó interesado.

8. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total 62.089,48 de euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Atendo Calidade,SL – Servizo dependencia mes de maio	231.227.99	23.715,72
2	Atendo Calidade, SL – Servizo libre concurrencia mes de maio	231.227.99	2.008,60
3	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	135.221.03	2.658,72
4	Librería Lino - 90 bolsas de chuches para clausura actividades	334.223.00	99,00

	de inglés e ocioteca		
5	David Fernández Neira- Servizo de actividades culturais e deportivas mes de maio	341.226.09	1.913,01
6	Sogama, SA –Tratamento de RSU mes de maio	162.3.212.00	8.242,59
7	Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de xuño	920.213.00	420,63
8	L a Rosaleda de la Coruña – Recollida de can abandonado 11/05/16	920.227.99	151,25
9	Droguería Ferretería El Sol , SL –Materiais para mantemento piscina municipal	342.212.00	150,11
10	Droguería Ferretería El Sol , SL –Materiais para mantementos municipais	920.212.00	23,34
11	Librería Lino - 14 bolsas de chuches para clausura de actividades de inglés e ocioteca	334.226.09	15,40
12	Gasóleos S. Benito, SL - Gasóleo A e gasolina para maquinaria municipal	171.221.03	594,74
13	Zorelor, SA – Produto para desengrasante de vías públicas	153.2.221.99	288,59
14	Aluminios Vedra – Reparación persianas Local Social da Granxa	920.212.00	114,95
15	Comercial Lata, SL – Material para servizo abastecemento auga	161.212.00	73,02
16	Grafidez,SL – Deseño lámina Pico Sacro e deseño diplomas festa da filloa	432.226.02	87,12
17	Cogami Reciclado de Galicia, SL – Recollida papel e cartón mes de maio	162.3.212.00	388,98
18	Ascensores Enor, SA - Xestión e subministro libro de visitas	920.213.00	36,41
19	Piccadilly School of English, SL – Clases de inglés mes de maio segundo contrato	334.226.99	2.240,00
20	Mªdel Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación Escola Infantil mes de maio	231.221.05	371,93
21	Fegamp – Cota anual asociado FEGAMP 2016	920.227.99	181,79
22	José Míguez Fernández –Material de cantería para reparación rúa Ponte Ledesma	153.2.212.00	889,35
23	José Míguez Fernández – Material cantería reparación beirarrúas e escadas campo da feira Lestedo	153.2.212.00	896,61
24	Liquidación de gastos de Juan M. Corral Sánchez – peaxe e aparcadoiro por asistencia a xornadas	920.230.20	32,25
25	J. C. Courier, SL – Transporte e entrega de láminas Pico Sacro da imprenta Deputación ó Concello	920.230.20	25,97
26	Construcciones Boqueixón, SL – Avarías abastecemento de auga en Cubelo (Vigo) – A Corna (Camporrapado) e Noente	161.212.00	1.583,92
27	Rio Blanco, SL – Subministro piscina municipal	342.221.99	65,46
28	Farmacia Porto CB – Medicamentos para botica piscina municipal	342.221.99	38,97
29	Liquidación de gastos de Arlette Aimée – Desprazamentos curso de inglés 3º trimestre	920.230.20.	94,24
30	RM Impresións Dixitais, SC – Deseño e impresión de dous carteis stand turismo en Semana Verde	432.226.02	108,90
31	La Rosaleda de La Coruña – Recollida de can abandonado 21/06/16	920.227.99	151,25
32	Casa Castro de Lamas, SC – Alimentos Ruta do colesterol e globos	334.226.09	239,69
33	Consellería de Infraestruturas e Vivenda – Achega económica 2016 para Transporte Metropolitano (programa tarifario social)	231.227.99	100,00
34	ADIF- Vixilancia e pilotaxes obra colectores saneamento en polígono de Sergude	153.2.212.00	874,10
35	ADIF – Taxas e licenza obra colectores saneamento en polígono de Sergude	153.2.212.00	2.480,68
36	Mario Pena Rodríguez - 4 comidas operarios por arranxo avaría	161.212.00	70,40

	auga		
37	Pulpería Porta – 25 comidas grupos e música participantes na romaría do Pico	334.226.00	375,00
38	Comercial Sánchez y Torres, SC – Arranxos varios maquinaria parques e xardíns	171.213.00	535,10
39	Probisa – Aglomerado para bacheado fochancas	153.2.212.00	108,28
40	Ascensores Enor, SA – Mantemento ascensor mes de xullo	920.213.00	77,08
41	Madesa – Poste de pino tratado para xogo parque infantil Santaia	171.210.00	151,25
42	Ferrecal, SA – Material vario para servizo abastecemento de auga	161.212.00	1.303,86
43	Comercial Sánchez y Torres, SC – Reposto para maquinaria municipal- sulfatadora	171.213.00	110,00
44	Almacenes Redondo – Material para obras en tajeas en varios lugares concello	153.2.212.00	267,97
45	Almacenes Redondo – Material para obras en instalacións deportivas	342.212.00	265,05
46	Peyscar – Vestiario persoal de vias e obras	153.2.221.99	60,50
47	Wolters Kluwer España, SA – Libro directiva europea contratación	920.220.01	62,40
48	Irene Blanco Sanmartin – Colaboración como psicóloga terapéutica programa reforzo educativo – Convenio Ruth Gómez	231.22799	255,70
49	Alberto Pose Méndez – Colaboración como psicóloga terapéutica programa reforzo educativo – Convenio Ruth Gómez	231.22799	346,90
		Importe	55.346,78

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
50	Vodafone – Servizo de mensared do 15/05/16 ó 14/06/16	920.222.00	14,54
51	Gas Natural Servicios, SDG – Consumo eléctrico ETAP Orto do 01/04/16 ó 30/04/16	161.221.00	6.148,41
52	Telefónica de España, SAU- Abono regularización custo teléfono Escola infantil de Lestedo	920.222.00	-0,87
53	Telefónica de España, SAU- Abono regularización custo teléfono alarma	920.222.00	-12,73
54	Telefónica de España, SAU- Abono regularización custo teléfono Oficina de correos	920.222.00	-0,65
55	Compostela Digital – Mantemento informático mes de xuño	920.216.00	594,00
		Importe	6.742,70

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Convenio colaboración RAMSA – Actividades Dragal
Importe: 2.170 euros

O pasado día 27 de maio a empresa Ramsa ingresou na conta do concello o importe de 2.170 euros para colaborar nas actividades de Dragal.

O día 1 de xullo, ten entrada no rexistro unha factura emitida por Casa Castro de Lamas, SC polo concepto de platos de plástico e servilletas que serviron para o encontro de Dragal por importe de 9,62 euros.

A Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. FA00362 emitida por Casa Castro de Lamas, SC polo concepto de platos de plástico e servilletas servidos para o terceiro encontro da fraternidade do Dragal 2016 por importe de 9,62 euros.

Facer o pagamento da factura con cargo á axuda concedida

Programación Cultura no camiño 2016

Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través do programa Cultura no camiño 2016, concede ó Concello de Boqueixón dúas actuacións segundo se especifica na confirmación recibida neste concello.

Unha das actuacións é a do grupo Peter Punk no Pico Sacro o día 18 de xuño ás 21 horas e por un caché de 350,00 euros. O concello deberá facer o pago da correspondente factura e posteriormente remitilo á Xunta de Galicia para que fagan o correspondente aboamento.

O día 22 de xuño, ten entrada a factura emitida por Culturactiva Soc. Coop. Galega pola actuación do grupo Peter Punk, o día 18 de xuño dentro da programación do 4º ciclo Cultura no camiño da AGADIC, por importe de 350,00 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 193/2016 emitida por Culturactiva Soc. Coop. Galega pola actuación do grupo Peter Punk o día 18 de xuño de 2016, dentro da programación do 4º ciclo Cultura no camiño do AGADIC por importe de 350,00 euros.

Imputar esta factura á axuda concedida para o efecto pola Xunta de Galicia

Investimentos Culturais 2016

Deputación da Coruña

No BOP núm. 71 do día 15 de abril de 2016, publícase a concesión dunha subvención por importe de 4.391,69 euros para investimentos culturais 2016.

Debido a que o telón que ten o escenario da Casa de Cultura de Camporrapado ten continuos problemas para o seu funcionamento, solicítase á empresa Ricarsat un presuposto para o seu arranxo.

Feitas as obras oportunas, emítase a correspondente factura que será aboada con cargo á subvención concedida polo que, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. RS16 507 emitida por Ricarsat, SL polo concepto de Adaptación de motor en salón de actos para apertura e peche de telón, e por importe de 235,95 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida

Turismo

Na Xunta de Goberno do día 3 de marzo de 2016, aprobouse o convenio para a campaña de comunicación do Concello de Boqueixón coa entidade Editorial Compostela, SA por importe de 3.630,00 euros

O custo destes convenios será subvencionado coa axuda solicitada para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia e outra axuda adicional mediante convenio con ABANCA, Axencia de Turismo de Galicia e o concello.

Este convenio prevía o pagamento total da cantidade en dous pagamentos distintos, un por importe de 1.541,54 euros e outro por importe de 2.088,46 euros.

Polo tanto, á vista destes datos, a Xunta de Goberno acorda aproba a seguinte factura que será imputada ás axudas citadas anteriormente e que se corresponde co convenio aprobado na Xunta de Goberno do día 3 de marzo:

Factura núm. P603291 (FACE) emitida pola Editorial Compostela, SA polos conceptos reflectidos no convenio asinado para a campaña de comunicación e por importe de 2.088,46 euros

Imputar esta factura á axuda especificada

9. Comunicación de non prórroga dos contratos dos servizos de actividades deportivas e culturais de inglés

Con data 5 de outubro de 2015, asinouse o contrato para a realización do servizo de actividades deportivas e culturais coa empresa CPM Eventos – David Fernández Neira por un período dun ano podendo prorrogarse por dous máis. A prestación do servizo iniciase o día 1 de outubro e remata o día 31 de maio.

Con data 11 de novembro de 2014, asinouse o contrato para a realización do servizo de impartición de clases de inglés coa empresa Picadilly School of English, SL por un período dun ano prorrogable por outros tres máis. No pasado ano, na Xunta de Goberno do día 17 de setembro de 2015, prorrogouse por un ano máis.

No caso do servizo de actividades culturais e deportivas, vese a necesidade de ampliar a prestación do servizo durante todo o ano, e non telo limitado ó período escolar. Hai cantidade de actividades que se desenvolven nos meses de xuño, xullo, agostos e setembro, tendo que facer continuas contratacións para monitores, que doutro xeito se aforraría en custo e tempo. Polo tanto, é preciso facer unha nova licitación do servizo variando as condicións técnicas e polo tanto contractuais.

No caso do servizo de inglés, o propio Departamento solicita a non prórroga debido a que a empresa que agora presta o servizo xa lles comunicou verbalmente que no prezo actual non podería seguir prestándose o servizo. Por isto, e antes de que se inicie unha nova tempada na actividade e poder contar cunha empresa que preste o servizo, procede facer unha nova licitación do servizo.

Á vista destes antecedentes a Xunta de Goberno acorda:

Non prorrogar o contrato asinado coa empresa David Fernández Neira – CPM Eventos para a prestación do servizo de actividades culturais e deportivas que finalizou a prestación do servizo correspondente á tempada 2015-2016 o día 31 de maio de 2016.

No prorrogar o contrato asinado coa empresa Picadilly School of English, SL para a prestación do servizo de clases de inglés que finaliza a impartición das clases coincidindo co curso académico e non mais tarde do mes de xullo deste ano.

Comunicar a cada unha das empresas este acordo para os efectos oportunos

10. Licenzas urbanísticas

A) Devolución parcial de importe do ICIO. Expd. 16/1242

Antecedentes:

Con data do 19 de maio de 2016, na Xunta de Goberno Local, concedeuse a licenza municipal de obras , a nome de Emilio J. xxxxx e Natalia xxxxx, con DNI nº.: xxxxx e xxxxx respectivamente; para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de xxxxx, na parroquia de Sta. María de Lestedo, presentada a instancia con data do 25/06/2015.

Coa concesión da licenza de obras, procedeuse a liquidación do ICIO (imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras), aplicándosele o tipo de gravame e cota tributaria do 2,5 %, en base á ordenanza fiscal reguladora, correspondente coa data da solicitude da licenza (25/06/2015), resultando unha liquidación por importe de 3.000 €, para un orzamento de execución material de 120.000 €.

Con data do 11 de febreiro de 2016 (publicada no BOP núm.: 26, con data do 10 de febreiro de 2016, entrou en vigor a nova ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal sobre as construcións, instalacións e obras, na que no seu artigo 7º, o tipo de gravame e cota tributaria, queda establecido no tipo único do 1,9 %.

Para o Devengo do imposto, régúlase no artigo 8º da nova ordenanza, e que literalmente di: “1.- A obriga de contribuír nace no intre de se comezar a construción, instalación ou obra, mesmos nos casos en que se comece sen ter obtido a licenza que proceda, ou presentada a declaración responsábel ou comunicación previa

2.- Para os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, nos seguintes casos:

No suposto de precisar licenza urbanística, cando esta fose concedida, no momento no que se notificase e recibida polo interesado (ou o seu representante), o Acordo de concesión da mesma, polo Órgano municipal competente.”

A licenza municipal de obras a nome dos solicitantes, foi concedida na Xunta de Goberno Local, con data do 19 de maio de 2016, foi notificada con data do 24 de maio de 2016, con rexistro de saída nº.: 16/436, de data do 25 de maio de 2016; e foi recibida polos promotores, con data do 31 de maio de 2016.

Os promotores, con data do 3 de xuño de 2016, procederon ó abono do ICIO, polo importe de 3000 €, conforme ao detalle da licenza municipal concedida.

Con data do 20 de xuño de 2016, con rexistro de entrada n.º: 16/1242, os promotores solicitan a devolución de 720 €, en base á liquidación efectuada polo concello, con un tipo de gravame do 2,5 %, cando o tipo do gravame que se debería aplicar, sería do 1,9 %, segundo a nova ordenanza fiscal reguladora do importe municipal sobre construcións, instalacións e obras.

O orzamento de execución material das obras previstas, ascende no proxecto de obras, á cantidade de 120.000 €. A este orzamento deberá aplicarse o tipo de gravame do 1,9 %, polo que a cantidade para o Devengo final sería de 2.280 €, en vez dos 3.000 € abonados, resultando unha diferenza a favor dos promotores de 720 €.

Vistos os antecedentes expostos, e en base á aplicación do artigo 8º - 2 a), da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre as construcións, instalacións e obras, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Proceder á devolución de **720 €** a D. Emilio J. xxxxx e Dona Natalia xxxxx, con DNI n.º: xxxxx e xxxxx respectivamente, en base á solicitude presentada, e a aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre as construcións, instalacións e obras, actualmente vixente.

A devolución farase efectiva na seguinte conta bancaria, aportada polos solicitantes:
xxxxx- BBVA

Segundo:

Notificar este acordo aos interesados

B) Concesión licenza municipal de obras. Expte: 16/716

Antecedentes:

Con data do 16/04/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/716, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a reforma da cuberta dunha vivenda existente, identificada coa referencia catastral n.º: 001000400NH44E0001EH, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Lamas, a nome de Doña Carmen xxxxx, con DNI n.º: xxxxx, en base ao proxecto técnico, redactado polo arquitecto, D. Juan S. Lareo Sánchez, colexiado n.º: 3.334.

Con data do 04/05/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico, que obriga ao promotor a corrixir varias deficiencias no proxecto presentado.

Con data do 09/05/2016, con rexistro de saída n.º: 16/384, de data do 10/05/2016, pola Alcaldía, ponse en coñecemento da promotora o contido do informe técnico, para que presente as modificacións oportunas.

Con data do 26/05/2016, con rexistro de entrada n.º: 16/991, achégase nova documentación técnica, en base ao informe do 04/05/2016.

Con data do 16/06/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe técnico favorable**, ao expediente de referencia. Con data do 01/07/2016, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico e anexo, visados polo colexio profesional correspondente
- O oficio da dirección facultativa da obras
- O oficio da dirección de execución das obras
- O oficio de coordinación de seguridade e saúde das obras
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 16/06/2016
- O informe xurídico, de data do 01/07/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a dona Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para a “reforma da cuberta dunha vivenda existente en mal estado de conservación”, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Lamas, identificada coa referencia catastral nº: 001000400NH44E0001EH, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Nº: do expediente municipal: 16/716
02. Promotora do expediente: Carmen xxxxx
03. D.N.I. da promotora: xxxxx
04. Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
05. Tipo de licenza: Reforma da cuberta dunha vivenda existente en mal estado de conservación
06. Situación e emprazamento: xxxxx - Lamas
07. Referencia catastral da vivenda: 001000400NH44E0001EH
08. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 €
09. Orzamento de execución material das obras: 13.840 €
10. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 262,96 €
11. Técnico asinante do proxecto: D. Juan S. Lareo Sánchez, arquitecto; colexiado nº: 3.334
12. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

13. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexo, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1601696,1 de data do 29/03/2016; e 1601696,3; de data do 25/05/2016
14. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*
15. No suposto da instalación dunha grúa, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes
16. Esta licenza é para a reforma da cuberta. Calquera outra actuación que se vaia a realizar na vivenda, non incluída no proxecto técnico, precisará de nova autorización

administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou comunicación previa, segundo o caso.

Segundo:

Aprobar, a liquidación da taxa municipal, pola tramitación administrativa do expediente de referencia, por importe de **61,62 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de **262,96 €**, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pagos da taxa e da liquidación do ICIO:

A liquidación total (61,62 + 262,96); por importe de **324,58 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx- Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Notificar este acordo á interesada

C) Concesión de licenza municipal de obras. Expte. 16/1030

Antecedentes:

Con data do 26/05/2016, con rexistro de entrada nº.: 2016/1030, de data do 27/05/2016, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, na parcela 1 – polígono 58; e un peche parcial da parcela lindeira número 205 – polígono 508, sitas no lugar da xxxxx, na parroquia de Boqueixón, a nome de D. Gerardo xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo estudio de arquitectura e urbanismo Hernando Ezquerria, S.L.P.; e asinado polo arquitecto representante, D. José Antonio Hernando Ezquerria, colexiado nº.: 1.779.

Con data do 07/06/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/1154, de data do 09/06/2016, por D. Gerardo xxxxx, achégase nova documentación para xuntar ao expediente presentado con rexistro de entrada número 2016/1030.

Con data do 30/06/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia, e no que se di o seguinte:

1. *As actuacións previstas son as seguintes:*

- *Construción dunha vivenda unifamiliar illada, na parcela 1 do polígono 58 (1620 m2)*
- *Construción dun peche parcial a lindeiro, na parcela 205 do polígono 508 (1083 m2)*
Constan escrituras de ambas fincas a nome do solicitante (non están agrupadas). Os parámetros urbanísticos da vivenda están calculados sobre a finca 1.

2. *Deberase achegar certificación enerxética, rexistrada no INEGA.*

3. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*

4. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen*

prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

5. *NOTA: as actuacións previstas no expediente son as de construción dunha vivenda unifamiliar illada, e un peche parcial de finca, calquera outra actuación que se vaia a realizar na parcela (outros peches, urbanización, etc), non incluída neste expediente requirirá de tramitación independente, ben sexa mediante licenza, ou comunicación previa.*

Con data do 01/07/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/1362, D. Gerardo xxxxx, achégase a certificación enerxética rexistrada no INEGA.

Con data do 05/07/2016, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- Os datos identificativos do promotor da licenza
- O proxecto técnico básico e execución, e anexo, visados polo colexio profesional correspondente
- A acreditación da titularidade das parcelas
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 574,16 €
- Non hai cesión, ao coincidir a aliñación do PXOM, coa delimitación das parcelas
- A solicitude de inscrición no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios, rexistrada con data do 01/07/2016, con rexistro nº.: 970 / RX 1758865
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O oficio da dirección facultativa das obras
- O oficio da dirección de execución das obras
- O oficio de coordinación de seguridade e saúde das obras
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 30/06/2016
- O informe xurídico, de data do 05/07/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a D. Gerardo xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, para as seguintes actuacións:

- 1.- “Construción dunha vivenda unifamiliar illada na parcela 1, do polígono 58; sita no lugar da xxxxx, parroquia de Boqueixón, emprazada na parcela catastral nº.: 15012A058000010000EP
- 2.- “Construción dun peche parcial a lindeiro, da parcela 205, do polígono 508”, sita no lugar da xxxxx, parroquia de Boqueixón, emprazada na parcela catastral nº.: 15012C508002050000DS

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Nº.: do expediente municipal: 16/1030
2. Promotor do expediente: Gerardo xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Situación e emprazamento: xxxxx- Boqueixón

5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada na parcela 1, do polígono 58
 Construción dun peche parcial a lindeiro, da parcela 205, do polígono 508
6. Clasificación urbanística das parcelas: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
7. Referencia catastral da parcela 1 (vivenda): 15012A058000010000EP
8. Superficie neta da parcela 1: 1.620 m² (mínima permitida por ordenanza: 300 m²)
9. Edificabilidade da parcela 1: 0,25 m²/m² (máxima permitida na ordenanza: 0,25 m²/m²)
10. Ocupación da parcela 1: 15,11 % (máxima permitida na ordenanza: 25 %)
11. Alturas permitidas na parcela 1: S_s + P_b + 1p = 7,00 m.
12. Referencia catastral da parcela 205 (peche parcial a lindeiro): 15012C508002050000DS
13. Superficie neta da parcela 205: 1083 m²
14. Altura máxima do peche na parte opaca: muro de perpiaño = 2,00 m
15. Altura mínima de malla metálica plastificada: 0,50 m
16. Altura máxima total: 2,50 m
17. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 574,16 €
18. Orzamento de execución material das obras: 204000 €
19. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 3876,00 €
20. Técnico asinante do proxecto: José Antonio Hernando Ezquerro, colexiado n.º: 1.779
21. Prazos de execución:
 Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
 Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)
- b.-) Condicións especiais:
22. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexo, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1602882,1; de data do 25/05/2016; e 1602882,3; de data do 01/06/2016
23. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora
24. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes
25. Esta licenza é para as actuacións previstas no expediente, que son as de construción dunha vivenda unifamiliar illada, e un peche parcial de finca, calquera outra actuación que se vaia a realizar na parcela (outros peches, urbanización, etc), non incluída neste expediente, requirirá de tramitación independente, ben sexa mediante licenza, ou por comunicación previa.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de **3.876,00 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **3876,00 €**, será ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx- Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

D) Concesión de licenza municipal de obras. Expte: 16/658

Antecedentes:

Con data do 07/04/2016, con rexistro de entrada nº.: 2016/658, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Gastrar, a nome de D. Manuel xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo arquitecto, D. Esteban Canabal Antelo, colexiado nº.:4034, e con nº.: de visado 1507465,1; de data do 24/11/2015.

Con data do 12/05/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un informe técnico, que obriga ao promotor a corrixir varias deficiencias no proxecto presentado, así como que deberán achegar nova documentación.

Con data do 23/05/2016, con rexistro de saída nº.: 16/428, de data do 24/05/2016; pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor o contido do informe técnico, para que presente a nova documentación, e as correccións técnicas requiridas, no informe técnico de data do 12/05/2016.

Con data do 07/06/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/1122, o promotor presenta a documentación requirida no informe técnico de data do 12/05/2016.

Con data do 30/06/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe técnico favorable** ao expediente de referencia, e no que se di o seguinte:

1. *Antes do inicio das obras, deberase achegar a seguinte documentación:*
2. *Oficios de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.*
3. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
4. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*
5. *NOTA: as actuacións previstas no expediente son de construción dunha vivenda unifamiliar illada e dun muro de peche (e contención), frontal da finca. Calquera outra actuación que se pretenda executar, e que non conste no expediente, requirirá de autorización independente, ben sexa mediante licenza, ou por comunicación previa.*

Con data do 04/07/2016, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras

- Os datos identificativos do promotor da licenza
- O proxecto técnico básico e execución e anexo, visados polo colexio profesional correspondente
- A acreditación da titularidade da parcela
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 274,85 €
- A cesión obrigatoria en escritura notarial número 476, de data do 29/04/2016
- A solicitude de inscrición no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios, rexistrada con data do 07/05/2016, con rexistro nº.: 883 / RX 1541154
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O oficio da dirección facultativa das obras
- O oficio da dirección de execución das obras
- O oficio de coordinación de seguridade e saúde das obras
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 30/06/2016
- O informe xurídico, de data do 04/07/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a D. Manuel xxxxxx, con DNI nº.: xxxxxx, para as seguintes actuacións:

- 1.- “Construción dunha vivenda unifamiliar illada”, sita no lugar de xxxxxx, na parroquia de Gastrar, emprazada sobre a parcela catastral número 15012B515000700000LM.
- 2.- “Construción dun peche de parcela”, sito no lugar de xxxxxx, na parroquia de Gastrar, emprazada sobre a parcela catastral número 15012B515000700000LM.

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Nº.: do expediente municipal: 16/658
2. Promotor do expediente: Manuel xxxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxxx
4. Situación e emprazamento: xxxxxx - Gastrar
5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada
 1. Construción dun peche de parcela
6. Clasificación urbanística da parcela: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de Núcleo Común
7. Referencia catastral da parcela: 15012B515000700000LM
8. Superficie neta da parcela edificable: 1.872 m² (mínima permitida por ordenanza: 300 m²)
9. Edificabilidade: 338,46 m² (máxima permitida na ordenanza: 478,50 m²)
10. Ocupación: 208,28 m² = 11,12 % (máxima permitida na ordenanza: 25 %)
11. Alturas: PB + PA = < 7,00 m.
12. Altura do peche na parte opaca: 0,50 m (máximo permitido no fronte de parcela 1,20 m)
13. Altura da malla translúcida sobre a parte opaca: 1,20 m
14. Altura máxima total permitida: 2,50 m.
15. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 274,85 €
16. Orzamento de execución material das obras: 114140,56 €
17. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 2168,67 €
18. Técnico asinante do proxecto: Esteban Canabal Antelo, colexiado nº.:4034

19. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: 6 MESES (desde o recibo de notificación desta licenza)
- Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

20. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e anexos, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1507465,1; de data do 24/11/2015; e 1507465,5; de data do 16/05/2016

21. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*

22. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes

23. Para a tramitación da licenza de 1ª ocupación, será necesaria a obtención da autorización previa de “Augas de Galicia”, para a instalación da fosa séptica.

24. Esta licenza é para as actuacións previstas no expediente, que son as de construción dunha vivenda unifamiliar illada e dun muro de peche (e contención), frontal da finca. Calquera outra actuación que se pretenda executar, e que non conste no expediente, requirirá de autorización independente, ben sexa mediante licenza, ou por comunicación previa.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de **2168,67 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **2168,67 €**, será ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx- Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

E) Concesión de licenza municipal. Expte.: 16/443

Antecedentes:

Con data do 03/03/2016, con rexistro de entrada nº: 16/443, de data do 07/03/2016, por D. José xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, preséntase un proxecto técnico de agrupación e posterior segregación das finca catastrais números: 15012A503005730000WR e 15012A004007830000EZ, emprazadas urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Común.

Con data do 08/03/2016, con rexistro de saída nº: 16/193, de data do 09/03/2016, pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, o importe da taxa municipal pola tramitación do expediente de referencia.

Con data do 09/04/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización das actuacións expostas na documentación presentada. No mesmo considerase que deberán

emendar tecnicamente o proxecto inicial achegado, e que deberán presentar as escrituras das fincas obxecto deste expediente, así como as autorizacións previas das partes interesadas.

Con data do 18/04/2016, con rexistro de saída nº: 16/323, pola alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, o contido do informe técnico; para que presente as correccións técnicas e a documentación administrativa que no mesmo se solicitan.

Con data do 28/04/2016, con rexistro de entrada nº: 16/797, de data do 29/04/2016, polo promotor do expediente, achégase a documentación requirida no informe da arquitecta municipal, de data do 09/04/2016.

Con data do 04/05/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización das actuacións expostas na documentación presentada.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 11/03/2016), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. José xxxxx, con DNI nº: xxxxx, a “licenza municipal”, para a agrupación e posterior segregación das fincas catastrais números 15012A503005730000WR e 15012A004007830000EZ, sitas no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo (Concello de Boqueixón), emprazadas urbanisticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Común, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

1. Núm. do expediente: 16/443
2. Promotor da licenza: JOSÉ xxxxx
3. D.N.I. do promotor: xxxxx
4. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL (Ordenanza de núcleo común)
5. Tipo de licenza: AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN DE FINCAS
6. Referencia catastral da finca matriz 1: 15012A503005730000WR
7. Referencia catastral da finca matriz 2: 15012A004007830000EZ
8. Situación e emprazamento: xxxxx – VIGO
9. Técnico autor do proxecto: ANTONIO JORGE GONZÁLEZ. Arquitecto técnico.

Descrición das parcelas iniciais, da agrupación, e das parcelas resultantes:

1.- Parcela inicial 1: referencia catastral 15012A50300**573**0000WR

Finca nº: 573, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Santa María de Lamas e Santa Eulalia de Vigo, emprazada no lugar de xxxxx, cunha extensión superficial de sesenta e cinco áreas e cuarenta e catro centiáreas (**6.544 m²**); e que linda: norte, zona excluída de concentración parcelaria; sur, Antonio xxxxx (572); leste, camiño; e oeste, zona excluída.

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:
Tomo 887, libro 65, folio 121, finca 9346

2.- Parcela inicial 2: referencia catastral 15012A00400**783**0000EZ

Finca nº: 783, excluída da zona de concentración parcelaria, emprazada no lugar de xxxxx, cunha extensión superficial de dezanove áreas e dezasete centiáreas (**1.917 m²**); e que linda: norte, camiño; sur, muro do salido da casa de Carmen xxxxx; hoxe de José Antonio xxxxx; leste, Antonio xxxxx, hoxe de Jesús xxxxx; e oeste, Agustín xxxxx.

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1:

Tomo 1304, libro 90, folio 99, finca 18608

3.- Agrupación das parcelas iniciais (573 + 783):

Finca nº: 573 + 783, cunha extensión superficial de oitenta e catro áreas e sesenta e unha centiáreas (8.461 m²); e que linda: norte, camiño; sur, Antonio xxxxx (572) ; leste, camiño; e oeste, Agustín xxxxx.

4.- Parcelas resultantes:

4.1- Parcela A - 1:

Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común.

Superficie bruta: 5.724 m²

Cesión Municipal: 260 m²

Superficie neta: **5.464 m²**

Lindeiros:

- Norte: Camiño
- Sur: Parcela A – 2; que logo se dirá
- Leste: Camiño
- Oeste: Agustín xxxxx

4.1- Parcela A - 2:

Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común.

Superficie bruta: 2.737 m²

Cesión Municipal: 62 m²

Superficie neta: **2.675 m²**

Lindeiros:

- Norte: Parcela A – 1; descrita anteriormente
- Sur: Antonio xxxxx(572)
- Leste: Camiño
- Oeste: Agustín xxxxx
- Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes ás parcelas A-1 (**260 m²**); e parcela A-2 (**62 m²**), e destinalas á ampliación das vías públicas municipais, ás que dan fronte. Deberán presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo ao interesado.

F) Requirimento limpeza de finca, e peches de accesos. Expte: 16/931

Antecedentes:

Con data do 19/05/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/931, por D. Ramón xxxxx, preséntase un escrito no que solicita a limpeza e o peche do acceso e das edificacións existentes entre os números 9 e 15 da travesía da Cooperativa.

Coa finalidade de tramitar o correspondente expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, como usuario rexistrado da mesma, a titularidade da parcela número 986, do polígono 513, figurando a mesma a nome de Construcións e Promocións Sanamil Lestedo, SL .

Fundamentos técnicos e xurídicos

Con data do 2 de xuño de 2016, por María Carmen Novos Sío, arquitecta dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico relativo á denuncia presentada, e que literalmente di:

“Quen asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); cumprindo coa providencia da Alcaldía, en relación coa denuncia presentada por D. Ramón xxxxx, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. ANTECEDENTES.

Con data do 19 de maio de 2016 (RE nº16/931), achégase escrito coa seguinte denuncia: “reclamamos al Concello se ponga en contacto con los propietarios de los chalets situados en Travesía da Cooperativa cuya numeración va del 9 al 15 para que procedan a la limpieza de las fincas o en su defecto se haga cargo el Concello, ya que el aspecto que presentan es de total abandono y parece una selva cobijando a todo tipo de culebras y roedores y de vez en cuando son ocupados por vagabundo que pernoctan en ellos [...]. También decir que todas las fincas están sin cerrar y el acceso a las edificaciones es libre y éstas están sin ningún tipo de ventanal o galería corriendo peligro de caídas por algún niño que a veces acceden a los edificios dentro de sus juegos [...]”.

2. IDENTIFICACIÓN DA FINCA.

Á vista dos datos achegados, a finca denunciada identifícase do seguinte xeito:

<i>POLÍGONO</i>	<i>PARCELA</i>	<i>REFERENCIA</i>	<i>SUPERFICIE</i>
<i>513</i>	<i>986</i>	<i>15012A513009860000WI</i>	<i>2.025m²</i>



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO
Sede Electrónica del Catastro

CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA RÚSTICA
Municipio de BOQUEIXON Provincia de A CORUÑA

REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE
15012A51300986000W1

INFORMACIÓN GRÁFICA E: 1/2000

DATOS DEL INMUEBLE

UBICACIÓN:
Polígono 513 Parcela 986
CAMPO. BOQUEIXON [A CORUÑA]

USO LOCAL ESPECIAL:
Agrario [Labor o Labradío secano 02]

USO CONSERVACIÓN:

PROCENTAJE DE SUPERFICIÓN:
100,000000

SUPERFICIE CONSTRUIDA (M²):

DATOS DE LA FINCA A LA QUE PERTENECE EL INMUEBLE

UBICACIÓN:
Polígono 513 Parcela 986
CAMPO. BOQUEIXON [A CORUÑA]

SUPERFICIE CONSTRUIDA (M²):

SUPERFICIE GRÁFICA PARCELA (M²) TIPO DE FINCA:
2.025

Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos" de la SEC.

542.700 Coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89
542.700 Límite de Manzana
542.700 Límite de Parcela
542.700 Límite de Construcciones
542.700 Módulo y viento
542.700 Límite zona verde
542.700 Holograma

Jueves , 2 de Junio de 2016

3. VISITA DE COMPROBACIÓN.

Con data do 2 de xuño de 2016, quen asina realizou visita á finca, pola que se comproba o estado de conservación da mesma, de acordo coa seguinte reportaxe fotográfica:



Vista dende o lindeiro nordés da finca 986.



Vista dende o lindeiro nordés da finca 986.



Vistas de detalle dende o lindeiro nordés da finca 986.



Vista dende o lindeiro noroeste da finca 986.



Vista dende o lindeiro noroeste da finca 986.



Vista dende o lindeiro noroeste da finca 986.



Vistas de detalle dende o lindeiro noroeste da finca 986.

Compróbase a existencia de abundante vexetación no interior da finca, incluso no interior das construcións, que están sen rematar e carecen de carpinterías exteriores. Incluso nunha zona do lindeiro nordés da finca existe un vertedoiro non autorizado de cascallos. Así mesmo, a finca non está completamente pechada, polo que se pode acceder facilmente ó seu interior, co grave perigo que pode supoñer, á vista do estado de conservación das edificacións existentes en proceso de execución.

4. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

O Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado mediante Orde do 6 de febreiro de 2015 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG nº32, 17.02.2015; BOP nº37, 25.02.2015), ó abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUPMRG), na súa redacción posterior á Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUPMRG. A día de hoxe, o PXOM atópase afectado pola entrada en

vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG).
Independentemente da clasificación urbanística da finca, o PXOM establece o seguinte, no que respecta ó deber de conservación:

Art. 2.2.9. O deber de conservación.

1. Os propietarios de edificacións, urbanizacións, terreos e instalacións permanentes ou temporais de calquera tipo teñen o deber de conservación conforme se establece no artigo 9 da LOUPMRG¹, e no 24 do Regulamento de Disciplina Urbanística².
2. Para a conservación e rehabilitación dos elementos sometidos a algún réxime de protección estarase ó disposto no Título IV destas Normas, e na lexislación aplicable.

Art. 2.2.10. Contido do deber de conservación.

1. *Considéranse contidas no deber de conservación:*
 - a) As actuacións que teñan por obxecto manter os terreos, urbanizacións, edificios, e instalacións en estado de seguridade, salubridade e ornato público. En tales actuacións incluíranse, en todo caso, as necesarias para asegurar o correcto uso e funcionamento dos servizos e elementos propios das construcións e a reposición habitual dos compoñentes de elementos ou instalacións.
 - b) *As obras en edificios que, sen exceder no seu custe de execución do 50% do valor actual do inmovible, excluído o valor do solo, e sempre que o mesmo non se atope en situación de fóra de ordenación absoluta, repoñan as construcións e instalacións ás súas condicións preexistentes de seguridade e/ou salubridade, reparando ou consolidando os elementos danados que afecten á súa estabilidade ou sirvan ó mantemento das súas condicións básicas de uso e, igualmente, aquelas que teñan por obxecto dotar ó inmovible das condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato definidas nas presente Normativa.*
2. *En tanto a urbanización non sexa recibida definitivamente polo Concello, a súa conservación, mantemento e posta en perfecto funcionamento das instalacións e servizos urbanísticos, serán de conta e con cargo á entidade promotora daquela ou, no seu caso, corresponderá ós adquirentes dos terreos.*
3. O mantemento e conservación dos espazos privados interiores corresponderá ós propietarios das parcelas ás que fiquen vinculados.

Art. 2.2.11. Condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato.

1. *En urbanizacións con mantemento e conservación correspondente ós propietarios, estes serán responsables do mantemento das acometidas das redes de servizo en correcto estado de funcionamento, así como das calzadas, beirarrúas, redes de distribución e servizo, da iluminación e dos restantes elementos que configuren a urbanización.*
2. *En construcións:*
 - a) Condicións de seguridade: as edificacións deberán manterse estancas ó paso da auga os seus pechamentos e cubertas, contar coa protección da súa estrutura fronte á acción do lume, e manter en bo estado os elementos de protección contra caídas. Os elementos da súa estrutura deberán conservarse de xeito que garantan o cumprimento da súa misión resistinte, defendéndoo dos efectos da corrosión e axentes agresores, así como das filtracións que poidan lesionar as cimentacións.

¹ A LOUPMRG foi derogada pola entrada en vigor da LSG.

² Artigo 24 do Decreto 28/1999: "os propietarios de terreos, urbanizacións de iniciativa particular e edificacións deberán destinalos efectivamente ó uso en cada caso establecido polo planeamento urbanístico e deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente e do patrimonio histórico e arqueolóxico e sobre rehabilitación urbana. Así mesmo, os propietarios das vivendas estarán na obriga de mantelas nas condicións de habitabilidade fixadas na normativa aplicable, o Decreto 311/1992, do 12 de novembro, e os correspondentes instrumentos de planeamento".

Deberán conservarse, así mesmo, os materiais de revestimento de fachadas, cubertas e pechamentos de modo que non ofrezan risco ás persoas e ós bens.

- b) *Condicións de salubridade: deberá manterse o bo estado das redes de servizo, instalacións sanitarias, condicións de ventilación e iluminación, de modo que se garanta a súa aptitude para o uso a que estean destinadas, e o seu réxime de utilización. Manterán tanto o edificio como os seus espazos libres cun grao de limpeza que impida a presenza de insectos, parásitos, roedores ou animais vagabundos que poidan ser causa de infeccións ou perigo para as persoas. Conservarán en bo estado de funcionamento os elementos de redución e control de emisións de fumes e partículas.*
- c) *Condicións de ornato: as fachadas das construcións deberán manterse axeitadas, mediante a limpeza, pintura, reparación ou reposición dos seus materiais de revestimento.*

Así mesmo, o artigo 135 da devandita LSG establece o seguinte:

Artigo 135. Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

1. *Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalación deberán:*
- a) *Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.*
- b) *Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.*
- c) *Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.*
- d) *Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan esixibles en cada momento.*
- e) *Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.*

5. CONCLUSIÓN.

De acordo co PXOM e coa normativa urbanística vixente, os propietarios dos terreos e as edificacións teñen o deber de conservalos en condicións mínimas de seguridade e salubridade, sen prexuízo do deber de cumprir cos prazos de execución establecidos nas licenzas de obra.

En consecuencia, como medidas mínimas e de urxencia, os propietarios da finca deberán efectuar as seguintes actuacións:

- *Completar o pechamento da finca, de xeito que non se poda acceder á finca accidentalmente.*
- *Instalar as carpinterías exteriores das edificacións en proceso de execución, de xeito que se poda garantir a súa estanquidade.*
- *Realizar a limpeza inmediata da vexetación existente no interior da finca.*
- *Eliminar o vertedoiro de cascallos non autorizado.*

Así mesmo, deberase garantir o mantemento no tempo das condicións anteditas de seguridade e salubridade, tanto da finca como das edificacións en execución.

Infórmase ós efectos oportunos.”

En base aos fundamentos técnicos e xurídicos anteriormente relacionados, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Requirir, a Construcións e Promocións Sanamil Lestedo, S.L., propietario catastral da parcela 986, do polígono 513 do catastro, para que, no prazo máximo de 30 días, desde o recibo desta notificación, se inicien as actuacións que de seguinte se relacionan:

- Deberán completar o pechamento da finca, de xeito que non se permita acceder á mesma accidentalmente.
- Deberán instalar as carpintarías exteriores das edificacións en proceso de execución, de xeito que se poida garantir a súa estanquidade
- Deberán realizar a limpeza inmediata da vexetación existente no interior das parcelas
- Deberán eliminar o vertedoiro de cascallos non autorizado
- Deberase garantir o mantemento no tempo, das condicións anteditas de seguridade e salubridade, tanto na finca, coma nas edificacións en execución.

Segundo:

Notificar este acordo ao administrador concursal de Construcións e Promocións Sanamil Lestedo, SL, D. Francisco xxxxx, na seguinte dirección postal: Avda. xxxxx, 15706 – Santiago de Compostela – A Coruña.

11. Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
José Rafael xxxxx	xxxxx	Xxxxx Boqueixón	54,86 €	549,40 €
Kevin xxxxx	xxxxx	Xxxxx Boqueixón	54,86 €	483,98 €
María xxxxx	xxxxx	Xxxxx Boqueixón	54,86 €	483,98 €
Manuel xxxxx	xxxxx	Xxxxx Boqueixón	109,73€	483,98 €

Polo que, a Xunta de Goberno, acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda, excepto a de Manuel xxxxx que é por obra.

A ditas taxas de abastecemento xa constan ingresadas polos interesados nas arcas municipais, figurando o xustificante de ingreso.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ós seguintes enderezos:

- José Rafael xxxxx: (xxxxx– 15701 Santiago de Compostela)

- Kevin xxxxx:(xxxxx 15003 A Coruña)

-María Isabel xxxxx:(Ó mesmo enderezo do inmovible)

-Manuel xxxxx: (xxxxx15881 Boqueixón)

12. Axuda emerxencia social

Concesión dunha axuda de emerxencia social

13. Renovación bonificación tarxeta de transporte metropolitano da área de Santiago de Compostela

Con data 04/07/2016 e número de rexistro de entrada 16/1382, foi presentada a solicitude de renovación e documentación, para a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, a nome de Ana xxxxx, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200102755828.

Por isto, e logo de reunir os requisitos establecidos na ordenanza reguladora municipal, (publicada no BOP N° 128 do 06/07/2012) propónse a renovación bonificación e a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, neste caso, para solicitantes en situación de discapacidade, a que ten dereito.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. A renovación bonificación e a inclusión no programa de axudas para o transporte público da área metropolitana de Santiago de Compostela, para solicitantes en situación de discapacidade, solicitada por dona Ana xxxxx, con DNI: xxxxx, veciña do lugar de xxxxx parroquia de A Granxa, titular da tarxeta de transporte metropolitano número: 9870200102755828.
2. O aboamento das axudas canalizadas a través da TMG Social faranse efectivas no momento de efectuar a recarga da tarxeta por parte do seu titular, ou actualizando a tarxeta nos ATM bancarios autorizados, a partir do mes seguinte ao da realización dos consumos, mediante compensación do cincuenta por cento do importe de ata un máximo de vinte viaxes realizados no mes anterior, e así sucesivamente. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses, entendéndose desistidas si neste prazo non se solicitaran.
3. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non houberan renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo aos mesmos.
4. Notificar este acordo á interesada.

14. Baixas SAF por libre concorrencia

Acordo de dar baixa definitiva a tres usuarios do SAF por libre concorrencia

15. Baixas no plan de axudas á persoas desfavorecidas (alimentos “Cruz Roja”)

Acordo de dar baixa definitiva a tres persoas perceptoras do plan de axudas á persoas desfavorecidas

16. Dar conta de altas/baixas no SAF

Dáse conta de altas/baixas no SAF

17. Aprobación do padrón do lixo

Para o aboamento das taxas do lixo correspondentes ó ano 2016 é preciso aprobar o padrón deste ano coas correspondentes modificacións, altas e baixas producidas desde a súa última aprobación.

O padrón debe remitirse á Deputación antes do 15 de agosto, e debe estar exposto ó público antes do seu envío,

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar o padrón municipal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana que con data 5 de xullo de 2016 ascende a:

Número de recibos total:1772

Importe total:132.229,15 euros

- Expoñer o padrón ó público durante 1 mes mediante a súa publicación no BOP.

18. Inicio, por urxencia, da contratación da obra do AGADER

Por Resolución da alcaldía ditada o 29 de febreiro, aprobouse a participación deste concello no Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016. Tamén se aproba o proxecto denominado “Camiño cruce de Carabán a cruce de Lamas e outros” por importe de 74.208,09 euros. Posteriormente envíase a documentación correspondente á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

Con data 25/05/2016, recíbese a resolución da concesión da axuda onde comunican que subvencionan o importe total do proxecto, (61.329,00 euros) exceptuando o IVE que será por conta do concello (12.879,09 euros) . No presuposto do ano 2016, hai consignación suficiente para facer o aboamento correspondente ó IVE.

Debido a que a obra ten que estar executada e xustificada antes do 30 de setembro e a que non se recibiu o informe perceptivo de Patrimonio ata o día 28 de xuño, procede a licitación por urxencia para reducir os prazos da contratación.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto propono á Xunta de Goberno, acordar:

1 Aprobar a urxencia do procedemento de contratación debido a que o prazo para executar e remitir a documentación da xustificación do investimento remata o 30 de setembro.

2 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo **procedemento negociado sin publicidade e por urxencia**. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados pola Deputación da Coruña no BOP núm. 63 do día 5 de abril de 2016 e asumidos polo concello para as obras municipais no Pleno realizado o día 9 de marzo deste ano.

3 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

Anexo I – Cadro de características

1. PROXECTO	Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros	
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades	

	(CPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	45223000
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base imponible.....61.329,00 Importe IVE 12.879,09 Total74.208,09	74.208,09 Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras Plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201... 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible:61.329,00 10% (modificación de proxecto):6.132,9 10% (certificación final):6.132,9 Total73.594,8	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	414..600.00 – Orzamento 2016	
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	Debe estar finalizada antes do día 23 de setembro de 2016 posto que finaliza o prazo para xustificar o investimento ante o AGADER o día 30 de setembro de 2016.	
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo G	subgrupo 6
		categoría 1
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón con domicilio en Forte s/n - Boqueixón 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante: Concello de Boqueixón – Forte s/n – 15881 Boqueixón Nº de FAX da entidade contratante: 981 513 000 Correo electrónico da entidade contratante: contratacion@boqueixon.es	
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	10 días contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante – www.boqueixon.es En horario de Rexistro do concello (8 a 15 horas) e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.	
10. PORCENTAXE SUBCONTRATACION% do prezo de adxudicación	
11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	x NON SE ESIXE <input type="checkbox"/> SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES_____	

12. MODALIDADE DE CONSULTA	A2.- Publicar un anuncio no Perfil de contratante www.boqueixon.es
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adjudicación IVE excluído
13.BIS. TAXAS DO CONTRATO	
14. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE
15. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
16. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

17. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.boqueixon.es

TELÉFONO:981 513 061

CORREO ELECTRÓNICO contratacion@boqueixon.es

17.2. ÓRGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN:

D. Julio C. Rojo Martínez- Técnico Redactor do Proxecto

DªAdela Lamela Arteaga – Responsable de Contratación

D. Juan M.Corrál Sánchez –Coordinador de Obras e Servizos

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL: Concello de Boqueixón

CIF P1501200H

CÓDIGO L01150124

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: Xunta de Goberno Local

CÓDIGO L01150124

18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

18.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Perfil do contratista da páxina web www.boqueixon.es

ANEXO V

V.I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

A) Programa de traballo (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 13 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	De 9.01 a 13 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	De 6.01 a 9 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	De 3.01 a 6 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	De 0.01 a 3 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	0 puntos

B) Actuación ambiental (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 6 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	De 4.01 a 6 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	De 2 a 4 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	De 0.01 a 1.99 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	0 Puntos

C) Plan de control de calidade (cláusula 15)

Valorarase de 0 a 9 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e totalmente adaptado á obra	De 7.01 a 9 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 4.01 a 7 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 2.01 a 4 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0.51 a 2 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto	De 0 a 0.50 puntos

D) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 15)

Valórase de 0 a 12 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	De 10 a 12 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	De 6.50 a 9.99 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	De 0.01 a 6.49 puntos

Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	0 Puntos
--	----------

E) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)

Valórase ata 10 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 X % de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata 9 puntos

F) Redución de prazos de execución (cláusula 15)

Ata 10 puntos

G) Oferta económica (cláusula 15)

Valórase ata 40 puntos

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>)

V.II. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

A) Redución de prazos de execución (cláusula 15)

B) Oferta económica (cláusula 15)

4. Publicar o anuncio de licitación das obras no perfil do contratista da páxina web do concello www.boqueixon.es

19. Inicio, por urxencia, da contratación da obra dos colectores de saneamento do SAUI, polígono industrial de Sergude

Por resolución da alcaldía ditada o día 22 de febreiro de 2016, se aprobou o proxecto denominado “Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral” así como a solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria polo importe de 74.638,91 euros para a realización deste.

Con data 02/06/16, recíbese a resolución da concesión da axuda onde comunican que subvencionan o importe correspondente ó 80% do proxecto que coincide coa subvención solicitada. O importe restante será con cargo á achega municipal. Para isto farase a correspondente modificación de crédito debido á necesidade de realizar a obra para a debida prestación do servizo de saneamento.

Foi preciso, para a execución do proxecto, solicitar permiso ós organismos do ADIF e a Augas de Galicia. Por parte deste último, está pendente a recepción do correspondente informe. Polo que respecta ó ADIF, xa se recibiu o escrito onde especifican as taxas que debe aboar o concello, así como o correspondente aval que a empresa adxudicataria deberá presentar ante a Xefatura de Area de Mantemento de Ourense por importe de 15.000 euros.

Por outra parte, a resolución de concesión da axuda para a execución do proxecto, expón que a xustificación da obra remata o vindeiro 31 de outubro, e dadas as características da mesma (pola natureza das obras debe realizarse en tempada de verán) é preciso iniciar a contratación por urxencia para poder cumprir os prazos.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto propono á Xunta de Goberno, acordar:

1 Declarar a urxencia da contratación debido ó curto prazo para xustificar as obras, tendo que telas rematadas antes do 31 de outubro.

2 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo **procedemento negociado sin publicidade e por urxencia**. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados pola Deputación da Coruña no BOP núm. 63 do día 5 de abril de 2016 e asumidos polo concello para as obras municipais no Pleno realizado o día 9 de marzo deste ano.

2 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

Anexo I – Cadro de características

1. PROXECTO	Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)		
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	45232440	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base imponible.....77.106,31 Importe IVE 16.192,33 Total93.298,64	77.106,31	Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras Plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201... 201....	
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible:77.106,31 10% (modificación de proxecto):7.710,6 10% (certificación final):7.710,6 Total92.527,51		

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	160.600.00– Orzamento 2016						
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	A obra debe estar rematada antes do 24 de outubro, posto que o prazo para xustificar o investimento ante a Xunta de Galicia remata o 31 de outubro de 2016.						
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	<table> <tr> <td>Grupo</td> <td>subgrupo</td> <td>categoría</td> </tr> <tr> <td>E</td> <td>1</td> <td>1</td> </tr> </table>	Grupo	subgrupo	categoría	E	1	1
Grupo	subgrupo	categoría					
E	1	1					
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	<p>1.- Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón con domicilio en Forte s/n - Boqueixón</p> <p>2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante: Concello de Boqueixón – Forte s/n – 15881 Boqueixón Nº de FAX da entidade contratante: 981 513 000 Correo electrónico da entidade contratante: contratacion@boqueixon.es</p>						
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	<p>10 días contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante – www.boqueixon.es En horario de Rexistro do concello (8 a 15 horas) e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.</p>						
10. PORCENTAXE SUBCONTRACION% do prezo de adjudicación						
11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	<p><input checked="" type="checkbox"/> NON SE ESIXE</p> <p><input type="checkbox"/> SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES _____</p>						
12. MODALIDADE DE CONSULTA	A2.- Publicar un anuncio no Perfil de contratante www.boqueixon.es						
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adjudicación IVE excluído						
13.BIS. TAXAS DO CONTRATO							
14. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE						
15. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29						
16. IMPORTE MÁXIMO	1. Presentación dun aval por importe de 15.000,00 euros ante o						

DOS GASTOS DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	organismo ADIF, por un período de 3 meses desde que finalice a obra, ó coincidir a zona de obras coa zona de afectación do ferrocarril. 2. Aboamento á ADIF das taxas polas autorizacións correspondentes por importe de 3.354,78 euros.
--	---

17. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.boqueixon.es

TELÉFONO:981 513 061

CORREO ELECTRÓNICO contratacion@boqueixon.es

17.2. ÓRGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN:

D. Julio C. Rojo Martínez- Técnico Redactor do Proxecto

DªAdela Lamela Arteaga – Responsable de Contratación

D. Juan M.Corrál Sánchez –Coordinador de Obras e Servizos

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL: Concello de Boqueixón

CIF P1501200H

CÓDIGO L01150124

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: Xunta de Goberno Local

CÓDIGO L01150124

18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

18.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Perfil do contratista da páxina web www.boqueixon.es

ANEXO V:

V.I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

A) Programa de traballo (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 13 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	De 9.01 a 13 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	De 6.01 a 9 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	De 3.01 a 6 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	De 0.01 a 3 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	0 puntos

B) Actuación ambiental (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 6 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	De 4.01 a 6 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	De 2 a 4 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	De 0.01 a 1.99 puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	0 Puntos

C) Plan de control de calidade (cláusula 15)

Valorarase de 0 a 9 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e totalmente adaptado á obra	De 7.01 a 9 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 4.01 a 7 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 2.01 a 4 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0.51 a 2 puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto	De 0 a 0.50 puntos

D) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 15)

Valórase de 0 a 12 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	De 10 a 12 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	De 6.50 a 9.99 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	De 0.01 a 6.49 puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	0 Puntos

E) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)

Valórase ata 10 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 X % de incremento sobre execución material (expresado en	Ata 9 punto

F) Redución de prazos de execución (cláusula 15)

Ata 10 puntos

G) Oferta económica (cláusula 15)

Valórase ata 40 puntos

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>)

V.II. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN**B) Redución de prazos de execución (cláusula 15)****C) Oferta económica (cláusula 15)**

4. Publicar o anuncio da licitación no perfil do contratante da páxina web do concello www.boqueixon.es

20. Inicio da contratación do subministro de material deportivo

Co obxectivo de mellorar a maquinaria que está a disposición dos usuarios do ximnasio municipal, este concello solicitou á Deputación da Coruña unha axuda económica dentro do Plan de escolas e actividades deportivas ano 2016.

No BOP publicado do día 4 de maio, aparece reflectido que ó concello de Boqueixón se lle concede unha axuda de 4.991,12 euros.

Desde hai tempo, as distintas persoas que acoden ó ximnasio municipal, transmiten a súa queixa por non ter unha boas máquinas na sala de musculación. É certo que desde hai moitos anos non se incorporaron novos elementos nin se melloraron os existentes que xa teñen un uso considerable.

Polo tanto, e debido a que se pode contar cunha axuda económica e nos orzamentos deste ano existen consignación para subministro de material (partida 342.221.99), procederase a iniciar unha contratación por un importe total de 8.000,00 euros.

Pola contía estamos ante un contrato menor, pero debido a que as bases de execución do presuposto especifican que o material inventariable require tramitación a través do servizo de contratación, solicitaranse tres ofertas a empresas capacitadas para o correspondente subministro.

O material que se pretende adquirir é o que a continuación se relaciona:

3 barras olímpicas 4 rodamentos

10 peches para barras

1 barra Z

1 barra hexagonal

2 bancos reclinables

Banco scott

Par de mancuernas dos seguintes pesos: 25 kg., 27.5 kg., 30 kg., 32.5 kg, 35 kg., 37.5 kg., 40 kg., 42.5 kg., 45 kg., 47.5 kg. e 50 kg.

Rack mancuernas 2 baldas

Par de kettlebell dos seguintes pesos: 12 kg., 15 kg., 20kg. e 22 kg.

2 Caixóns de salto pliométrico

Rack sentadillas-press-dominadas

10 Discos de goma dos seguintes pesos: 5 e 10 kgs.

8 discos de goma de 15 kg.
4 discos de goma de 20 kg.
2 discos de goma de 25 kg.
2 protectores cervicais barras
2 power bag 5 kg.
Prensa perna inclinada
2 bicicletas estáticas

O material usado será trasladado pola empresa adxudicataria para poder colocar debidamente o adquirido.

Outra das cuestión que se prantexan coa nova adquisición deste material é o que se vai a facer co usado, ó non ser xa necesario. Polo que se propón ás empresas licitadoras que fagan unha valoración deste para ver a viabilidade da súa entrega e posterior descontó na nova compra.

Tendo en conta todo o descrito, a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar a contratación do subministro do material deportivo anteriormente desagregado, consultando ofertas a tres ou máis empresas expertas no sector

2 Conceder un prazo de 7 días para que poidan presentar as súas propostas.

3 Enviar invitacións ás seguintes empresas:

Decathlon España, SA
Polonia – Polígno Industrial Costa Vella, 2
15707 Santiago de Compostela

Inversiones deportivas en Galicia
Aptdo. Correos 4049
36203 Vigo

El Corte Inglés
Rúa Restollal 50
15702 Santiago de Compostela

21. Puntos de urxencia

A) Prórroga Convenio asinado con Telefónica Móviles España SA

Motívase a urxencia deste punto en base a que o convenio con Telefónica Móviles (asinado por un período de cinco anos, con licenza outorgada o 20 de xullo do 2011) remata o 20 de xullo do 2016 .

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno, apróbase a urxencia deste punto e consecuentemente inclúese na orde do día deste sesión.

A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 18/05/2011 acordou asinar un convenio con Telefónica, polo que esta última arrenda un espazo de 30 metros cadrados da parcela 153 do polígono 502, da zona de concentración parcelaria de San Pedro de Loureda, para a

prestación do servizo de telecomunicacións de Telefónica Móviles S.A á parroquia de Loureda.

A duración do contrato é de 5 anos salvo que mediara denuncia expresa de calquera das partes, notificada por escrito á outra parte cunha antelación mínima de 4 meses.

A Xunta de Goberno en sesión que tivo lugar o 20 xullo 2011 acordou conceder licenza de obras e actividade a Telefónica Móviles para a construción e instalación dunha estación base de telefonía móbil na parcela 153 do polígono 502 en Loureda.

Por outro lado, no convenio prevese na cláusula **cuarta** que o aluguer a aboar ascende a 600 € anuais máis IVE e dado o tempo transcorrido así como o incremento dos custos do correspondente subministro eléctrico, procede incrementar este importe.

Á vista do cal a Xunta de Goberno, acorda:

1. Prorrogar o convenio asinado por un período de 5 anos máis.
2. Incrementar o aluguer a aboar por telefonía móviles que se establece en 1.800 €/ano máis IVE.
3. Comunicar este acordo a Telefónica Móviles España SA, e dálle un prazo de 10 días aos efectos que consideren oportunos.
4. No caso de ser aceptada esta prórroga, este acordo será ratificado polo pleno da corporación.

B) Aprobación convenio colaboración coa entidade pública empresarial Augas De Galicia, para a execución da actuación de mellora do saneamento en Lestedo e Sergude e nova rede saneamento noutras parroquias.

Explica o Sr. alcalde que o motivo da urxencia deste punto, a incluír na xunta de goberno do día 07/07/2016, é que o mércores día 12/07/2016 terá lugar un consello da xunta de Galicia, no cal se aprobará o citado convenio , no caso de que o concello de Boqueixón remita o correspondente acordo de aprobación do mesmo.

Por este mesmo motivo, se aproba en xunta de goberno, aínda que se someterá a próxima sesión plenaria para a súa ratificación, se procede.

Por unanimidade dos membros da xunta de goberno, **apróbase a urxencia** deste punto e consecuentemente inclúese na orde do día deste sesión.

Unha vez aprobada e motivada a urxencia a xunta de goberno acorda:

1. Aprobar a memoria valorada das obras de saneamento no concello de Boqueixón, cun importe de 1.011.888,14 €.
2. Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o concello de Boqueixón para a execución da actuación de mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude e de nova rede de saneamento noutras parroquias. Concello de Boqueixón, cofinanciado polo fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER), no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia (2014 – 2020):

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no

exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Ovidio Rodeiro Tato, alcalde do concello de Boqueixón, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O concello de Boqueixón ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o

cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do C(2015) 8144 final.

Sexto.- As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude, e na execución de nova rede de saneamento en puntos do rural que aínda non dispoñen dela.

O obxectivo destas obras é mellorar as condicións de vida nestas zonas de Boqueixón, dotándoas de redes de saneamento, eliminando puntos de vertido, e mellorando o funcionamento dos existentes e, con elo, mellorando a calidade das augas dos ríos da contorna.

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste Convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boqueixón para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Mellora e optimización do funcionamento do sistema de saneamento das parroquias de Lestedo e Sergude e de nova rede de saneamento noutras parroquias. Concello de Boqueixón (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.
No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.
5. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
6. Unha vez dea comezo a explotación das obras de referencia, establecer ou actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada para cubrir a explotación e amortización das obras de referencia.
7. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
8. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
9. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014
2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro
3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo
4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/82013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.

QUINTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 1.000.000,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2016	50.000,00
2017	300.000,00
2018	300.000,00
2019	350.000,00

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 “servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais”, Submedida 7.2 “apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía”.
- Por Augas de Galicia nun 17,50 %
- Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adopte decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

SÉTIMA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partires desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección

facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2019. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula sexta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto

126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

A presidenta de Augas de Galicia

O Alcalde de Boqueixón

Ovidio Rodeiro Tato

Beatriz Mato Otero

3. Ratificar este acordo na próxima sesión plenaria ordinaria a celebrar o día 13/07/2016.

22. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde